

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 28 DE NOVEMBRO DE 2019.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e catro minutos do día vinte e oito de novembro de 2019 réunese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, imos dar comezo a sesión ordinaria do pleno do concello de 28 de novembro de 2019..

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON A DO 31 DE OUTUBRO DE 2019 (ORDINARIA) .

Coa observación de que en dúas intervencións de don Brais Fidalgo se indica que é portavoz do BNG, cando debía decir RBC, e coa abstención dos tres concelleiros de RBC porque algunhas intervencións se recollen de forma moi escueta, fica aprobada.

2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 25 de outubro ,tres; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de outubro; dúas, unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 30 de outubro; dúas; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de outubro; cinco; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión vado; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 04 de novembro; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre convesión vado; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de novembro, dúas; unha, sobre remisión documentación ao Xulgado; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de novembro; tres; unha, sobre desestimación recurso reposición; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de novembro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de novembro; once; unha, sobre aprobacion Plan Seguridade e Saude Embelecemento nucleo rural Sanin; unha, sobre aboamento taxa cambio titularidade; dúas, sobre recoñecemento antiguidade; unha, sobre requirimento; unha, sobre aceptacion renuncia contrato laboral; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de novembro; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre delegacion presidente mesa contratacion; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de novembro, dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de novembro, dúas; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de novembro; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificacion IVTM; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de novembro; dezaseis; tres, sobre bonificación IVTM; sete, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; catro, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de novembro; dúas; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de novembro; seis; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre formalización contrato; unha, sobre xustificacion subvención; unha, sobre aprobación Plan Seguridade e Saúde “Mellora pavim. Rúa Norte, Corral e tramo Progreso”; unha, sobre denegación vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro; cinco; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre reclamación plusvalía; unha, sobre transmisión licenza autotaxi; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro; dúas; unha,. Sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa taxa rede sumidoiro.

Do 25 de novembro; trece; doce, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre formalización contrato.

Do 26 de novembro; unha, sobre concesión vacacións.

3.- MOCIÓN BNG PARA A ANÁLISE, ESTUDO E, NO SEU CASO, ELABORACIÓN DUNHA ORDEANZA FISCAL PARA O ESTABLECEMENTO DA TAXA POLO USO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL ÁS PLATAFORMAS DE COMERCIO ELECTRÓNICO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de novembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

O comercio local está a afrontar na actualidade importantes retos derivados dos cambios dos hábitos de consumo, as novas tecnoloxías e unha crecente competencia a escala global fan que o sector teña que reconverter as súas estratexias para adaptarse ao comercio electrónico.

O comercio de proximidade é fundamental para a economía local, tanto en postos de traballo como en tributación á facenda local. Pero a cada paso é máis difícil manterse fronte á crecente competencia do canal online.

As plataformas de comercio electrónico teñen efectos negativos no comercio de proximidade, pois establecen unha competencia desleal no ámbito da tributación fronte ao comercio tradicional, xa que fan uso do espazo público mentres que non tributan ante os concellos do mesmo xeito que o fai o comercio local, que paga o IBI e outros impostos vencellados ao espazo físico que ocupan.

Ademais, as plataformas de comercio electrónico reciben un tratamento fiscal privilexiado, xa que malia vender aos consumidores como calquera comercio de proximidade non tributan do mesmo xeito nin coa mesma intensidade ante a facenda do Estado, e menos aínda se nos referimos á tributación local.

A empresas do comercio electrónico tampouco fixan poboación nin xeran emprego nin investimentos no noso concello. É xusto establecer unha taxa que grave as plataformas de comercio electrónico en base ao uso do dominio público.

Propomos que a taxa se aplique a aquelas empresas que non pagan impostos municipais e que venden produtos a través de internet e os distribúen no noso concello. É competencia municipal a protección e promoción do comercio local, fins aos que aspira este tributo, destinándose o que se recade a potenciar o comercio de proximidade.

Por estes motivos, así como para non entrar en conflito con outras administracións e cumprir cos requisitos legais que se esixan, este concello debe realizar un estudo para coñecer a viabilidade xurídica desta taxa que debe estar ao amparo da Lei de Facendas Locais.

Por todo elo, dende o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propomos a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1. A constitución dun grupo de traballo formado por todos os grupos municipais, técnicos municipais e os axentes implicados para elaborar una proposta de taxa que gravará ás plataformas de comercio electrónico que operan no noso concello facendo uso do espazo público.
2. Realizar un estudo para coñecer a viabilidade xurídica desta taxa que debe estar ao amparo da Lei de Facendas Locais.
3. Os fondos recadados polo imposto, se finalmente se materializa, irán destinados a políticas para potenciar o comercio de local.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG, RBC, , reservanse para o Pleno PSOE. PP, ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Boa tarde. Esta moción é para análise e estudo, e, no seu caso, elaboración da ordenanza. Se está facendo en outros concellos. Estas plataformas de comercio electrónico se usan cada vez máis, perxudican ao comercio local, non pagan ningunha taxa , que si gravan ao comercio local. Non xeran investimento nin emprego no noso concello. Para non entrar en conflito con outras administracións , se precisa un estudo xurídico. A taxa tería que estar sempre amparada na Lei de Facendas Locais.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Como xa dixemos nas comisións, a moción fai un plantexamento novidoso, fala de análise, estudo. Se é posible que se faga. Hai que empezar a traballar, tería unha repercusión positiva nos nosos comerciantes.

D^a Cristina Otero Alonso (PSOE).- Esta cuestión se ten que regular a nivel estatal. No noso concello sería difícil o control , non hai un punto de recollida. Sería necesaria unha campaña de concienciación para que a xenta mercara no pobo.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Se pode efectuar o análise e estudo, se ten que estudar tecnicamente polos técnicos. Estamos de acordo se é viable legalmente.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Moitas grazas aos grupos pola súa boa acollida. Suporía fondos para potenciar o comercio local. Cada ano se perden 7.500 postos de traballo por estas plataformas.

Alcalde.- O estudiaremos, hai diferentes posibilidades, gravar como a un caxeiro o punto fixo de recollida, hai que articularlo con coidado.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

4.-MOCIÓN RBC PARA QUE O SERGAS REFORCE O SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE RIBADAVIA E SE CUBRAN TODAS AS ÁREAS DO NOSO CENTRO QUE PRECISAN MÁIS PROFESIONAIS.

Que a Comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadan , na súa sesión de 21 de novembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

O servizo público sanitario que temos é do mellor do mundo, mais iso non significa que non sufra graves ataques e faltas de xestións públicas e políticas para manter o seu nivel e incluso melloralo de cara a toda a cidadanía como usuaria que é. Todo o contrario, nos últimos tempos o goberno galego no lugar de comportarse como un goberno que traballa para o ben común fai méritos para recortar recursos de todo tipo no sistema sanitario público. Así no lugar de optar polo reforzamento dos servizos públicos máis esenciais como é o sanitario elixe o recorte e a eliminación de profesionais e investimentos. E esta política pública repercute moi negativamente na cidadanía galega como usuaria que é, pero ademais de prexudicar gravemente á cidadanía as autoridades políticas do SERGAS pretenden que os recortes dos servizos recaen nos profesionais que diante de baixas ou eliminación de postos, ven como os usuarios do servizo que atenden vance duplicando e triplicando.

Diante deste escenario a cidadanía debe actuar e reaccionar. Nunca debe rematar a queixa nos profesionais, que son tamén vítimas dos recortes, senón que as queixas e reclamacións deben realizarse nos propios centros de saúde dirixidos aos cargos directivos do SERGAS e da XUNTA que son os únicos responsables.

Os representantes cidadáns tamén temos as nosas obrigas, tamén no municipal. O centro de saúde de Ribadavia é albo desde fai anos de recortes deste tipo. Pediatría, Xinecoloxía, matrona, planificación familiar, servizo de ambulancia, e un longo etcétera. Por non falar do longo proceso de probas e citas en especialidades que temos que soportar os usuarios-pacientes.

Fai uns anos profesionais e cidadanía reclamaba que o SERGAS non eliminaran do Centro de Saúde de Ribadavia, que é PAC de toda a comarca do Ribeiro, servizos esenciais para un proceso sanitario que acabaron sendo desprazados a Ourense e eliminados do noso centro servizos de especialidades, agora temos que pelear para que as vacacións e baixas dos e das nosas médicos sexan cubertas.

Fai pouco reclamábase que se implementara no Centro de Ribadavia un servizo de urxencias con un/unha pediatra presente. Agora semella que temos que loitar polo máis básico, que os nosos nenos e nenas sexan atendidos e atendidas en condicións de normalidade e por profesionais con ratios de pacientes normais, sen estar en situación

de sobrecarga, duplicando quendas e pacientes.

Os responsables do SERGAS e da XUNTA son conscientes desta realidade dura desde fai demasiado tempo, pero non dan ningunha solución, só escusas que non son de recibo nin serias, como por exemplo que en Galicia non existen suficientes profesionais de pediatría para cubrir as prazas. Como se o goberno galego non puidera contratar profesionais de outros lugares. Todos e todas lembramos cando o país veciño Portugal contrataba profesionais galegos para o seu servizo de saúde.

Os representantes municipais non podemos mirar para outro lado cando se trata de defender os dereitos básicos dos e das ribadavienses e ribeiráns, aínda menos si se ostenta a presidencia da corporación. Aínda menos priorizar e poñerse do lado dos intereses partidarios e partidistas no lugar dos intereses veciñais.

Ribeiro en Común reclama con esta nova Moción que o Concello de Ribadavia reclame para o seu centro de saúde o reforzamento dos servizos que ofrece, e que desde xa non só se deixe de recortar en persoal destinado a este centro senón que se comecen a cubrir as baixas e dereito ás vacacións de todos os traballadores do Centro.

A última vítima, que non a única, está sendo o servizo de Pediatría. Servizo que na actualidade conta con dous pediatras, cada un/unha co seu grupo de usuarios/as, e cando un dos dous se ausenta, por motivos ordinarios e legais, a Administración no lugar de enviar un profesional substituto o que fai é sobrecargar no profesional do centro os dous grupos de usuarios. En consecuencia, a Xunta aforra un salario dun profesional e quen sae moi prexudicado son os e as cidadás usuarias e as profesionais da saúde. Isto acontece tamén en moitas máis áreas do noso centro de Saúde e por suposto é obvio que tamén acontece en moitos centros de saúde de toda Galicia. Máis a nosa obriga é cos veciños e veciñas de Ribadavia.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- **Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e aos SERGAS a que implemente unha política de reforzamento do servizo sanitario e dos seus profesionais no Centro de Saúde de Ribadavia e PAC comarcal, así como en todo o sistema sanitario galego.**
- **Instar ao Goberno da Xunta de Galicia e ao SERGAS a que se cubran todas as vacacións e baixas dos profesionais médicos do Centro de Saúde de Ribadavia, e en especial no reforzamento do servizo de pediatría.**

- **Que o Concello de Ribadavia se implique na defensa do noso Centro de Saúde e dos seus profesionais, e en especial no reforzamento do servizo de pediatría.**
- **Que a Xunta e Sergas introduzan nos Orzamentos 2020 o investimento necesario para a reforma do edificio do Centro de Saúde de Ribadavia e PAC do Ribeiro.**
- **Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que traslade esta política de reforzamento do servizo sanitario e dos seus profesionais aos Orzamentos 2020.**
- **Dar traslado deste acordo Plenario ao Presidente da XUNTA, Conselleiro de Sanidade, Secretaría e Dirección Xeral Sanidade, Xefatura territorial de Ourense do SERGAS, e ao conxunto dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno BNG. PP e PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D. Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Hai unha proposta de xungir esta moción coa seguinte do PSOE sobre a praza de psicólogo, que o debate sexa conxunto e logo que se voten por separado.

Alcalde.- Non o coñecía, procedamos entón así.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Entronca cunha necesidade moi grande , traída varias veces a este pleno. Todo isto afecta á baixada de 5.000 habitantes con outras moitas cuestións como a Galiña Azul, os transportes, etcétera...Levamos anos con recortes no centro de saúde, se eliminan postos, as baixas e vacacións non se cubren.Hai risco de que o posto de pediatría acabe en Ourense. Por iso se trae a este pleno. Que se contemple no orzamento da Xunta que se vai a aprobar no próximo mes.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Dende o grupo municipal socialista todo o noso apoio aos facultativos en folga. É a crónica dunha morte anunciada.No ano 2016 houbo unha moción do PSOE que anunciaba a praza de psicóloga no Centro de Orientación Familiar. A xerencia do Sergas o desmintiu, garantizou a permanencia e se dixo que os veciños podían estar tranquilos. Se pasou de atender martes e xoves, a só martes, e agora está practicamente deserta. Hai unha discriminación da comarca de O Ribeiro respecto a do Carballiño. A lista de agarda é de tres semans a un mes. A Xerencia do Sergas da a calada por resposta, non informe de a onde se derivan os pacientes. ¿ Qué pensa o goberno municipal de que o goberno do PP en Santiago desmantele os servizos? Non se aplican as políticas que vende Feijoo de apoio ao rural. Se presentaron mil seiscentas sinaturas na Delegación de Sanidade de Ourense para que non se suprima a enfermeira, que colapsaría as urxencias. O goberno de Ribadavia non tivo o decoro de preguntar ao goberno de Santiago pola praza de psicólogo do COF.Cando estaba o anterior goberno municipal , se decía que o goberno non tiña capacidade de actuar ante un goberno de distinto signo político. Se decía que por motivos políticos se tentaba crear alarma. Non é quen de levantar o teléfono, hai un incapacidade de xestión manifesta. A

incapacidade é do actual alcalde, a praza de psicólogo e de pediatra están extinguidas. Están desmantelando os servizos médicos do concello. Só falta que derrúan o centro de saúde.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estes días estes temas tamén se plantexan en Verín ou en Valdeorras. Se fala de fomentar a natalidade ou de asentar xente no rural, con estas medidas se conquiere todo o contrario. En Pediatría hai unha soa persoa con moitas baixas, se pode xubilar, unha soa persoa presta o servizo para toda a comarca. Que o goberno de Ribadavia se implique para que o mensaxe chegue á Xunta. O psicólogo do COF é un servizo importantísimo. A saúde mental é tan importante como a física, que unha persoa cun problema non se teña que desprazar a Ourense. Os pediatras se van porque as condicións non son adecuadas. Pido unha reflexión seria.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos de acordo en defender os servizos públicos que afectan aos veciños. Presentamos unha emenda engadir un punto máis , dar traslado do acordo aos demais concellos do Ribeiro, pois os servizos afectan a toda a comarca. Estamos a favor de defender aos veciños de Ribadavia.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Creo que Noelia e Paula expuseron ben os servizos da nosa veciñanza. Son servizos básicos. Hai dous anos reclamábamos un pediatra de urxencia, agora se reclama o básico. É unha gran incongruencia dicir que se quere defender os intereses dos veciños de Ribadavia e calar cómplicemente ante este recorte. Os facultativos que están en folga loitan polos dereitos de todos. A corporación co alcalde á cabeza ten que loitar neste tema. Non facer tacticismo nin poñerse de perfi, Coa desvergonza que lle caracteriza, Feijoo dixo que ía a ser a lexislatura do rural.

O concello se ten que posicionar e actuar nesta cuestión. Están estigmatizadas socialmente, máis no pasado as enfermidades mentais. É substancial que as diagnostique de forma inicial un psicólogo para que se poidan resolver. Esiximos que o alcalde de todos os ribadavienses se posicione e intermedie. A institución se debe mobilizar e senón que se moviliçe a sociedade. No pediatra hai unha sobrecarga demencial. Son impresentables as declaracións do xerente do CHOU de que non se pida ou a parir a Vigo. Demandamos edificios e instalacións de calidade. Agradecer o voto a favor de todos os grupos e ao PSOE por integrar as mocións.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Nos non calamos, defendemos os servizos en sanidade, mentres outros falan de alarmismo. Que se de traslado do acordo ao seu compañeiro Feijoo.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

5.- MOCIÓN PSOE PARA CUBRIR A PRAZA DE PSICÓLOGO VACANTE DENDE O VERÁN NO CENTRO DE SAÚDE DE RIBADAVIA.

A Comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadan , na súa sesión de 21 de novembr de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Os trastornos mentais (TM) afectan a centos de millóns de persoas e, si non se tratan, producen una enorme carga de sufrimento, discapacidade e perdas económicas. A integración do servizo de saúde mental en Atención Primaria é a forma máis viable de pechar esa fenda e garantía de que as persoas reciban o coidado axeitado en materia de SM. Atender a saúde mental en Atención Primaria é asumible, e os investimentos poden traer importantes beneficios. tanto en costes directos (psicofármacos) como en costes indirectos (prestacións

por discapacidade, baixas laborais...) As patoloxías máis comúns que tratan estes especialistas en saúde mental, entre moitas son; trastornos do ánimo (como depresión), problemas de ansiedade ou trastornos adaptativos, casos de Violencia de Xénero ou trastornos alimentarios. A presenza do psicólogos clínicos na Atención Primaria Sanitaria, facilita a detección e tratamentos dos casos e melloraría a súa derivación á Atención Especializada, a cal ten longa lista de agarda, unha media de catro meses para recibir a primeira consulta psicolóxica. Para acceder a un psicólogo da Seguridade Social o doente ten que acudir ao seu médico de familia. Este é o profesional que o deriva ao especialista de saúde mental apropiado (si fose necesario). Unha vez que é derivado polo médico de cabeceira, chega a espera para unha primeira cita. En xeral o paciente será asignado ao facultativo psicólogo que teña libre unha hora na súa axenda, salvo programas específicos que teñen un profesional de referencia, como no caso do Centro de Saúde de Ribadavia, ten no CENTRO DE ORIENTACIÓN FAMILIAR (COF). O 23 de decembro de 2017, o Grupo Socialista advertía que a Xunta de Galicia e a Xerencia do Sergas, eliminaría a partir del día 2 de xaneiro a praza do psicólogo do Centro de Orientación Familiar (C.O.F) de Ribadavia. Para o PSdeG-PSOE de Ribadavia, isto suporía unha deficiencia da calidade da asistencia sanitaria á poboación do rural, que deixa a toda a comarca do Ribeiro (arredor de 16.336 habitantes), sen un facultativo, tan necesario e o psicólogo do COF que ademais contaba con lista de agarda no Ribeiro. Grupo Municipal Socialista de Ribadavia r1B O COF de Ribadavia, está sen este facultativo desde o verán, deixando á comarca sen psicólogo no COF, a pesar da efectividade empírica dos tratamentos dispoñibles, só unha pequena minoría de quen os necesitan reciben sequera o tratamento máis básico ao prescindir deste facultativo. Ribadavia deste xeito, non é allea os continuos recortes que está a sufrir a sanidade ourensá, desmantelada dende a Xunta de Galicia polo goberno de Alberto Núñez Feijóo. No caso do psicólogo é a punta dun iceberg, no que tamén se atopa as graves deficiencias no actual centro de saúde ou a ausencia nos orzamentos de investimentos para a construción dun novo centro de saúde na vila, que os socialistas levamos anos demandando. A ausencia do psicólogo provoca que os habitantes de Ribadavia e da Comarca teñan que desprazarse ata Ourense para ser atendidos, cos custes que isto supón e en moitos casos coas dificultades pola ausencia de transportes para facilitarlles a vida, polo que demandamos a recuperación desta praza de xeito inmediato

PRIMEIRO.- Solicitar ao concello de Ribadavia, que inste ao SERGAS e a Xunta de Galicia para a realización dos trámites necesarios ante a Xerencia do Centro Universitario Hospitalario de Ourense e a Dirección de Psiquiatría do CHUOU para promover a prestación de atención psicolóxica do COF, cubrindo a praza de psicólogo/a do COF no Centro de Saúde de Ribadavia.

SEGUNDO.- Solicitar o traslado deste acordo á Xunta de Galicia para que tome nota do mesmo e realice os trámites necesarios para dar continuidade asistencial do Psicólogo/a no COF de Ribadavia, cubrindo a praza do facultativo trasladado.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE , reservanse para o Pleno PP, BNG , RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA REFORME E ACTUALICE O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DE REFORMA INTERIOR (PEPRI) E A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) DE RIBADAVIA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de novembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

O PEPRI de Ribadavia data da época 1998-1999, unha vez redactado e aprobado puido contar cunha Oficina encargada de tramitar e xestionar a implementación desta normativa, existindo moitas etapas nas que xestionou a demanda e solicitude de axudas para a rehabilitación de vivendas no noso casco histórico.

Área de Rehabilitación de Centro histórico. Esta área foi declarada o 8 de xuño 1999 e segundo os datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) sitúanse en 733 vivendas obxecto de rehabilitación.

Ao ámbito da área de rehabilitación aféctalle a declaración de conxunto histórico producida no ano 1947 e coincide co ámbito do Plano Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) aprobado definitivamente polo pleno o 25 de febreiro de 1999.

Área de Rehabilitación Integral (ARI).

As Áreas de Rehabilitación conforman a base principal das actuacións de rehabilitación en contornos urbanos por parte do IGVS. Para isto é fundamental a colaboración dos concellos.

Declaración:

As Áreas de Rehabilitación Integral declararanse por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a petición dos concellos interesados en que se declare unha área no seu territorio. Poderán tamén declararse de oficio polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, cando a área comprenda máis dun concello e motivos de interese arquitectónico, cultural ou social así o aconsellen.

Procedemento:

O procedemento de declaración a instancias do concello iníciase mediante unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo acompañada da seguinte documentación:

- a) Certificado de acordo do concello que aproba a solicitude da declaración de área de rehabilitación integral conforme a clasificación prevista no artigo seguinte.
- b) Delimitación do ámbito proposto, determinación do planeamento vixente e parámetros urbanísticos polos que está afectada a área proposta.

c) Compromiso do concello para crear ou manter una oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.

d) Memoria explicativa na que se recollan os seguintes extremos:

- 1) Obxectivos que se pretenden coa declaración proposta e indicadores de seguimento que permitirán analizar os mesmos.
- 2) Relación das rúas comprendidas dentro do ámbito.
- 3) Número total de edificios e vivendas no ámbito.
- 4) Número de edificios e vivendas susceptibles de rehabilitación.
- 5) Análise do proceso de degradación física, social e ambiental que clarifique a necesidade da declaración de Área de Rehabilitación Integral proposta, tales como o envellecemento demográfico, perda de poboación, abandono de actividades económicas ou baixo nivel de ingresos das persoas residentes.
- 6) Avaliación do nivel de deterioro de edificios e vivendas no ámbito.
- 7) Avaliación do custo estimado das actuacións de rehabilitación previstas de edificios e vivendas.
- 8) De ser o caso, proposta de actuacións de urbanización – reurbanización para impulsar a rexeneración do ámbito e avaliación dos seus custos.
- 9) De ser o caso, plan de realoxo temporal a súa programación e custo económico.
- 10) Planos xeoreferenciados coa delimitación da Área de Rehabilitación Integral solicitada. Escala 1:500.

As vivendas do noso casco histórico atópanse rexistradas en fichas individualizadas que conteñen as características principais de cada vivenda, o seu nivel de protección e os dereitos de reforma e construción dos seus propietarios sobre estas.

Tras 30 anos de vixencia téñense detectado e ocorrido casos nos que as fichas non protexen o suficiente unha vivenda polo seu alto valor patrimonial ou por atoparse situadas ao carón dun monumento de protección integral. Causando situacións inxustas. Tamén acontece por outra banda, que infravivendas sen ningún valor máis que a súa ubicación son obrigadas a conservar elementos sen valor patrimonial ningún ou usando materiais que non son os máis acidos.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- **Que o Concello de Ribadavia modifique, actualice e adapte a normativa PEPRÍ ás necesidades actuais.**
- **Que o Concello de Ribadavia comece a traballar de maneira inmediata na nova redacción, para o cal o equipo técnico municipal, ou a través da súa externalización, debe comezar a realizar un borrador, que debe ser trasladado**

ao tecido ribadaviense: asociacionismo cultural e de defensa do patrimonio, e aos arquitectos e construtores do municipio que así o demanden, así como a propia Comisión de seguimento do PEPRI, na que están presentes todos os grupos municipais da corporación, un técnico da delegación de Patrimonio e do IGVS.

- **Que o Concello de Ribadavia comece a traballar de maneira inmediata por parte do seu equipo técnico municipal na elaboración dunha Memoria de inmobles, espazos e monumentos de interese cultural e arquitectónico que poidan verse afectados por causa de non estar actualizados e suficientemente protexidos na actual normativa PEPRI.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno BNG. PP e PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- RBC fai unha valoración positiva da normativa do Pepri para a protección do casco histórico, pero xa cumpriu o seu obxectivo. Van 20 anos dende a súa aprobación, hai que actualizalo. Hai inmobles e monumentos que deberían estar máis protexidos, fichas sen actualizar. Hai que actualizar determinadas fichas e revisar catalogacións. Detectamos cos veciños, arquitectos e promotores, que se esixen materiais que non se esixen en outros cascos históricos, sen ir máis lonxe en Ourense. Que se empece a traballar nesta normativa. Que se recabe o que pensa o asociacionismo, que se consensúe entre todos ou cunha maioría moi ampla.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O noso grupo non ten nada que obxectar a que se actualice o PEPRI. Que todos os grupos se poidan acoller as axudas para rehabilitación.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non temos reparo en que se tenten mellorar as cousas. Os documentos urbanísticos deben ser vivos. Resaltar que moitos gobernos traballaron no Plan Xeral. O Pepri funcionou durante 16 anos de goberno socialista. O ARI de San Cristovo o fixo o goberno socialista. Facer unha reflexión que non desaparezcán as axudas. Que o alcalde firme un convenio moi ben, algúns interpretan que antes non había convenios,os había e sen salir a alardear. Hai un exceso de propaganda de este goberno. Este plan xeral o votou en contra o PP fai tres anos. Mellor a humildade. É feo vivir dos réditos do anterior goberno e sen facer mención.

Estamos de acordo coa moción. No ARI funcionaban ben as inversións públicas, habería que recuperalo. As subvencións que non sexan só para as vivendas.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Non hai inconvinte en facer unha revisión do Pepri; se poderían facer modificacións puntuais para ser máis operativos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o apoio dos grupos. Cando se fai referencia a outros núcleos rurais, hai unha moción de RBC para estender a zona ARI e Pepri a outros núcleos. É unha incongruencia resolver a pavimentación en Sanín. Hai que estender as subvencións a outros núcleos. Hai que facer ARIS e Pepris nesas zonas. Xabier Carreira concelleiro do BNG nesta área o fixo moi ben. Todos os que pasaron pola área non fixeron ningunha barbaridade. Non se dixo que había que dar unha volta completa á normativa. Que non opinen só os técnicos.

Alcalde.- En Sanín se actúa tamén nas canalizacións para facer o enganche á rede municipal. Respecto ao Plan Xeral non se pode contar só unha parte, no ano 2016 , na aprobación inicial o PP votou en contra, xunto co BNG e RBC, formulando unha serie de alegacións. A maioría de ditas alegacións as incluiu como corrección a Xunta. Feitas esas modificacións , o PP votou sempre a favor do Plan Xeral.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

7.- MOCIÓN PSOE PARA A CONTINUACIÓN DA REPOSICIÓN DE TODOS OS PANEIS INFORMATIVOS TANTO DOS MONUMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS COMO DOS LUGARES EMBLEMÁTICOS DO NOSO MUNICIPIO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de novembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal do concello de Ribadavia a que poña en marcha un plan de renovación de tódolos paneis informativos ,axeitados o entorno e nos que figure explicación de cada monumento ou lugar, coa súa singularidade.

Coa emenda de RBC “ e de acordo coa Lei de Normalización lingüística”

Segundo.- Instar ao goberno municipal a retirada da placa na honra do militar franquista Queipo de Llano, así como a mellora da sinalización das termas de Prexigueiro, un dos puntos referentes do noso municipio.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, RBC, , reservanse para o Pleno BNG. PP, ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Manuel Vázquez López (PSOE).- A moción está suficientemente explicitada, que se continúe a labor que se fixo na anterior lexislatura. Nos visita cada vez máis xente. Que se restauren os carteis das termas de Prexigueiro. Todas as vilas termais están sinalizadas menos a nosa, case parece mala intención. A prioridade é sinalizar a nosa. Que de cara á semana santa se lle dé solución.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É unha moción importante para ter un concello con máis turismo. O documento técnico de turismo que se entregou o outro día , é unha referencia moi importante do que o turismo demanda en Ribadavia. Sería importante que unha adega cercana se abrixa e se ensinara, que na Praza de Abastos se puidese vender viño de produción propia. Pontevedra foi a única cidade invitada a Cumbre do Clima e se lle deu un premio pola sostenibilidade.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Se agradece que se incorpore a nose emenda, de acordo coa exposición do portavoz do PSOE. Ribadavia está inzada de paneis informativos do noso municipio, primeiro se debe sinalizar o noso. As Termas de Prexigueiro están pouco anunciadas. Que en Prexigueiro houbera sinalización da zona monumental.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Totalmente de acordo en que o gran potencial turístico de Ribadavia hai que coidalo.Os códigos QR se empezaron a repartir esta semana.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

8.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA REALICE E APROBE UN PLAN DE RECUPERACIÓN, LIMPEZA E COIDADO DOS RÍOS AVIA, MIÑO, OUTEIRO, CERVES E MAQUIÁNS/ VERONZA E DAS SÚAS RIBEIRAS.

A Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 21 de novembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

Na pasada lexislatura noso grupo tiña abordado esta cuestión en varias ocasións, demandando a limpeza e retirada de arbores secas, maleza e lixo do río Avia e das súas ribeiras ao seu paso polo noso termo municipal. Así mesmo, demandamos que se

aprobara a elaboración por parte do Concello dun Plan de Recuperación do Río Avia e das súas ribeiras ao seu paso polo noso termo municipal.

No período 2018 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) levou a cabo unha intervención de mellora en moitos puntos da ribeira dereita do río Avia. A pesar disto, a situación actual tanto do río Avia e Miño como do Maquiáns, Outeiro e Cerves, volven estar nunha situación que obriga a intervir na mellora en labores de limpeza e conservación destes ríos ao seu paso polo municipio de Ribadavia.

Lixo acumulado de diferentes festividades e do comportamento incívico dunha minoría, árbores secas amontoadas e que supoñen un perigo latente para a época de crecidas do río, maleza, polas secas e restos de leña abandonada e amontoada que propician unha imaxe dos nosos ríos abandonados e sen vida. Estas son só algunhas das características da situación actual dos nosos ríos, que a medio prazo precisa dun Plan de recuperación integral, plan que non deba retomarse para executarse coa co-participación doutras administracións superiores, e fundamentalmente da Confederación Hidrográfica CHMS.

Nestes momentos os nosos ríos precisan con urxencia que o noso Concello tome a iniciativa de maneira inmediata para acometer melloras urxentes e reclamando a colaboración doutras Administracións.

1º. Retomar os contactos existentes entre o Concello e a CHMS, así como con outras Administracións.

2º. Elaboración de dito Plan de recuperación dos nosos ríos.

3º. Medidas urxentes e inmediatas na zona desde a ponte que une a Quinza e San Cristovo no río Avia ata a desembocadura do río Outeiro no Miño, así como na zona das maquiás no río Veronza:

– Retirada de todas as árbores secas e restos de vexetación seca que obstaculizan o paso da auga nos ríos. Retirada de todas as árbores secas e restos de vexetación seca que se acumulan nas ribeiras do río Avia, Miño, Maquiáns/Veronza e Outeiro.

– Limpeza do lixo que se acumula nas ribeiras e nas insuas do río Avia, Miño, Maquiáns/Veronza e Outeiro.

– Estudo de seguridade da situación da ponte que une A Quinza e San Cristovo, se aínda non existira.

– Elaboración por parte do Concello dun Plan de Recuperación do Río Avia, Miño, Maquiáns/Veronza e Outeiro e das súas ribeiras ao seu paso polo noso termo municipal.

– Trasladar á Confederación Hidrográfica, así como á Deputación provincial e á Consellería de Medio ambiente a petición de colaboración para a implementación deste Plan de recuperación do río Avia, Miño, Maquiáns/Veronza, Cerves e Outeiro.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- **Que o Concello de Ribadavia realice e aprobe un Plan de recuperación,**

limpeza e coidado dos ríos Avia, Miño, Maquiáns/Veronza, Cerves e Outeiro, e das súas ribeiras.

- **Que o Concello de Ribadavia cumpra o aprobado no Pleno do mes de xullo de 2019 polo cal se aprobou tramitar ante a Xunta a declaración da zona como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) para as graveiras e ribeiras do río Avia.**
- **Que o Concello de Ribadavia leve a cabo a Moción aprobada en outubro do 2018 para reforma da zona do Muíño no río Avia e a súa integración no casco histórico, así como a recuperación da zona do río desde a ponte do ferrocarril ata a pasarela da Foz.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol, RBC, , reservanse para o Pleno BNG. PP e PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- É un tema xa traído na anterior lexislatura .No ano 2018 houbo unha intervención na marxe dereita do río Avia. Son zonas vivas, que precisan unha actuación constante. Se precisa colaboración de outras administracións, en especial da Confederación Hidrográfica. A limpeza non debería ser nos meses de primaveira e verán , se causa dano ecolóxico, hai que fomentar a flora autóctona. Hai zonas de gran valor ecolóxico a poñer en valor. Se precisa un plan de actuación sensible, esta cuestión debe ser central. Pedir o cumprimento das anteriores mocións, que se cumpran os seguintes pasos na declaración de Espazo Natural Local das graveiras de San Cristovo.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Totalmente de acordo, en novembro de 2013 houbo unha moción do BNG,con tres puntos practicamente idénticos ao que agora se vota. Tamén hai que ter en conta os vertidos que se producen en A Grova e en Esposende.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Parece unha boa iniciativa, estamos a favor. Xa na lexislatura anterior presentei unha iniciativa para dragar os ríos na medida en que se permitise. A Confederación Hidrográfica empezou a actuar neste eido gracias á xestión do anterior goberno.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Coincidimos plenamente, se plantexan actuacións ambiciosas que non son fáciles de conquistar.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o voto favorable. O que intentamos reclamar é que o goberno actual solicite unha reunión coa Confederación Hidrográfica que ten moitos recursos. Xa se ten feito moitas peticións neste tema,

ao que lle prestamos unha especial atención dende que nacimos. Parabéns á ANPA de Ribadavia que fai unha labor neste tema.

Alcalde.- O goberno é plenamente consciente da necesidade de interlocución con outras administracións neste tema. Xa o día 30 de xullo tive unha reunión co presidente da Confederación Hidrográfica, a interlocución foi boa.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

9.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA SEXA TRANSPARENTE NAS ADXUDICACIÓNS, NA SUPERVISIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL DAS OBRAS PÚBLICAS NAS QUE PARTICIPA O NOSO CONCELLO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras, na súa sesión de 21 de novembro de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

O Concello de Ribadavia a través do seu goberno nestes escasos 5 meses non é exemplo de transparencia na súa xestión.

Ademais de non ser exemplar na transparencia da súa xestión política e administrativa, aínda menos o é na transparencia de adxudicación de obras nin na súa supervisión, seguimento e control das mesmas, dándose situacións que incumpren a normativa.

No Pleno de xullo do 2016 o noso grupo presentou e logrou aprobar a Moción para ampliar o control e supervisión das obras en execución do Concello e da súa adxudicación. Por certo, Moción aprobada antes da última reforma da Lei de Contratos do Sector Público.

A transparencia é a base necesaria para o control efectivo da actividade municipal e o máximo garante de que a xestión pública se fai conforme a dereito, é dicir, baseándose en criterios obxectivos, de igualdade de oportunidades, de publicidade e sempre coa premisa de protexer os intereses dos veciños e veciñas de Ribadavia. Por iso é de vital importancia exercer esa mesma vixilancia sobre o cumprimento dos contratos das obras que se estean a executar no Concello. As demoras dos prazos, as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento dos traballos previstos así como a modificación das partidas económicas que se invisten son aspectos, entre outros, que entendemos deberan ser trasladados periodicamente a toda a Corporación, no seo da Comisión correspondente, no exercicio dunha administración honesta. Velar pola dilixencia e eficacia das actuacións municipais é unha responsabilidade que non se pode nin debe pospoñer polo que instamos que todos estes mecanismos de inspección se poñan en marcha de xeito inmediato mediante a fórmula que permite a lexislación.

Os Contratos da Administración Local. A lei de carácter básica é a Lei de Contratos do Sector

Público (LCSP), que se marca como obxecto “ proporcionar as garantías de publicidade, igualdade, libre concorrência, e seguridade xurídica que aseguren aos cidadáns un tratamento común por parte de todas as Administracións”.

No noso caso, por exemplo, moi poucas veces se opta polo procedemento aberto para a contratación do Concello de Ribadavia, dándose con frecuencia a repetición de empresas beneficiadas.

Recentemente, durante o mes de outubro do vixente ano 2019, Ribeiro en Común denunciou o incumprimento polo Concello da Lei de Contratos do Sector Público na obra do Parque Robla, fíxoo a través de diferentes escritos rexistrados á atención do goberno nos cales pediamos que a súa actuación se axustara á normativa vixente, e fixémoslo tamén no mesmo Pleno municipal.

Esta mesma semana, o noso grupo recibiu unha notificación desde o actual goberno que insulta a intelixencia da veciñanza de Ribadavia e fáltalle o respecto á propia institución do Concello de Ribadavia a través dun escrito cheo de falsidades que calquera veciño do casco histórico que fixo seguimento diario das obras do Parque Robla pode desmentir palabra a palabra.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- **Que o Concello de Ribadavia habilite os mecanismos administrativos oportunos que poñan inmediatamente en funcionamento o órgano de apoio aos responsables de cada servizo para avaliar periódicamente a calidade das concesións externalizadas do Concello de Ribadavia.**
- **Que o Concello de Ribadavia amplíe ese control e supervisión ás obras contratadas polo goberno local, en prol dunha maior transparencia, como garante de que se cumpren os prazos e a execución das mesmas segundo o acordado en Xunta de Goberno, dando traslado á oposición da información do seu estado, de xeito semestral, na Comisión Municipal correspondente.**
- **Que o Concello de Ribadavia cree ese órgano de apoio, composto por unha parte técnica e outra conformada por un representante de cada grupo municipal, que avalíe e decida en cada situación a forma de adxudicación do contrato público do Concello de Ribadavia: Procedementos aberto, restrinxido, ou negociado, segundo estipule a lei, e tamén si debe ser por subasta ou por concurso.**
- **Que o Concello de Ribadavia cumpra e supervise a Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) en toda a súa extensión, tamén no relativo aos artigos da propia lei que poñen límites á subcontratación.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno BNG. PP, PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Hai un traballo previo detrás de esta moción, unha obra adxudicada por este goberno, ante as peticións de este grupo , os escritos foron contestados de forma pouco correcta, con afirmacións que non son certas. Non imos ao xulgado porque non queremos xudicializar a política. Isto hai que abordalo eiquí. Hai que acoplarse á normativa e ser transparente. Hai campañas de presión para que non fagamos o noso traballo. É falso que a empresa que executou a obra según o concello a executara. O concello ten que poñer mecanismos para que non se adxudique unha obra a unha empresa e a faga outra. As arquitectas municipais non supervisaron a obra, se encargou a un arquitecto externo, aínda que sexa legal. As adxudicacións das obras son segundo a lei, pero non a execución. As obras de adxudicación municipal ou con financiación municipal adxudicadas por outras administracións , o concello ten que supervisar. Se pode levar a cabo. Hai unha moción aprobada sobre o contrato de subministro eléctrico. Unha comisión municipal que supervise non debe preocupar a nadie.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- O BNG quere que o concello sexa transparente en todos os ámbitos. Nas contratacións se debe invitar a todas as empresas de Ribadavia. Preguntolle ao alcalde, ao secretario e ao interventor se teñen coñecemento de algún incumprimento por parte do concello da Lei de Contratos.

Alcalde.- Non, porque si non informarían negativamente.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Hai unha parte que , por coherencia, nos poñemos en dúbida. A transparencia a marcan as leis. Creemos nos procedementos de contratación que se fan ,porque os supervisan os técnicos, e a supervisión é a que marca a lei. A lei de contratos non facilita a transparencia; nas mesas de contratación de persoal non poden estar concelleiros nin concelleiras. Nos contratos hai que actuar a través dunha plataforma dixital, ocasiona unha visión distinta, a veces tes que contratar cunha empresa que está case en baixa temeraria. A Lei de contratos non permite invitar, se presentan os que queren , ata 40 ou 50. Na lexislatura pasada nun procedemento se invitou a todas as empresas de Ribadavia e só se presentou unha. As empresas ten que ter unha capacidade económica e financeira que non lles permite presentarse. A transparencia é a que permite a lei, nadie incumple a lei conscientemente.

Hai unha parte da moción que lle incumbe ao goberno, seguimento e control das obras públicas. A obra do campo de fútbol leva catro meses de retraso e se incumple o proxecto, logo se vende moi ben a obra. O PP votou en contra dos orzamentos que permitiron esa obra.

Na obra de Parque Robla se mudou o proxecto, se eliminou a fonte e os balcóns. A obra non ten nada que ver co que deixou o PSOE. As beirarrúas de Francelos están paradas. Das obras na rúa Corral non se sabe nada, non empezou, esperemos que non se cambie o proxecto. En San Xés Patrimonio nunca falou dun Plan Director. A obra do circuito canino na Veronza, esperemos que se execute

ben. Non pode ser que algún te deixe unha herdanza de máis de 500 mil euros en obras, e que o control do goberno sexa malo. Se a moción se vota por puntos non temos problema en aprobar os demais.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos convencidos de que todos os procedementos cumpren a lei , é o traballo dos técnicos. Coincidimos na necesidade de transparencia absoluta, non nalgún punto da Exposición de Motivos.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Positivo que haxa seguimento de todos os grupos.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Hai un exceso de propaganda do goberno que non me gusta, vende como propio o que fixeron outros, moito máis nun goberno minoritario. O grupo de goberno non é coherente, que diga que hai cousas que non se poden executar por lei, o contrario é faltar a verdade. Pola incoherencia os ides a volver a sentar nos bancos da oposición. Como goberno hai que ser coherentes.

Que o PP cambio de voto no Plan Xeral porque se recolleron as súas inquiredanzas non é verdade., o PP votou en contra do Plan Xeral , o actual alcalde decía "acusaba ao alcalde de entón de aprobar o Plan Xeral con menos do 60% das alegacións sen resolver" cando o plan voltou da xunta o número de alegacións se mantivo. O BNG aprobou o plan, RBC se abstivo, o PP votou en contra. É agora se pretende facer ver que o Plan Xeral é seu, non dos outros grupos. Nesta moción hai cousas que non se pueden cumprir.

O PSOE ten mantido a coherencia , por exemplo, nos soldos públicos, non quero lembrar o que fixo o PP coas adicacións, o Plan Xeral e o Plan Provincial. Están a perder a coherencia, nos poñen fácil certas cousas.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Xa dixen que non estaba de acordo coa exposición de motivos, sí cos acordos, nos que se dice segundo estipula a lei, e según a lei de contratos do sector público. Ningún está para incumplir a lei.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Se lle deu un repaso a todo o que vai de legislatura. Para RBC esta moción é básica para formar parte de calquera goberno, esto se vai a levar a cabo se RBC está no goberno. O PP dice unha cousa na oposición e fai outra no goberno. O noso goberno non permitirá que se adxudique unha obra a unha empresa e que a faga outra. O artigo 251 b) da Lei de Contratos establece que o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato, e , o máis tarde, cando se inicie a execución a intención de subcontratar, indicando a parte que pretende subcontratar e o subcontratista. Non so RBC, calquera veciño da zona ten probas de que a empresa adxudicataria non executou o contrato. O control do goberno non o fan o interventor nin o secretario, é labor da oposición. Isto é traballo do goberno non dos funcionarios. Se houbo unha modificación na empresa adxudicataria sen comunicar, hai que esixirle ao contratista, e isto non se fixo. Se nos dice que a adxudicataria é a que executou a obra, que o único que fixo foi alquilar maquinaria a outra empresa. Se se fai unha enquisa o 100% dos veciños da zona dirían que a obra a executou esa empresa que se dice que só alugou a maquinaria. Isto é fundamental para que RBC forme parte do goberno.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado, votos a favor PP (5), RBC (3),BNG (1), e abstención do PSOE (4), fica aprobada.

10.DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

En relación co novo apagón que a veciñanza de Francelos tivo que volver a soportar no día de onte, domingo 24 de novembro , máis dun ano despois de que unha iniciativa cidadá lograra o compromiso da empresa Fenosa e da Administración autonómica, para que resolveran os problemas de cortes de luz en Francelos e outros núcleos do noso municipio que saíron afectados.

O pleno do concello de Ribadavia solicita:

A inclusión desta proposta de declaración institucional , apoiada e respaldada por todos os grupos municipais , para que o concello de Ribadavia aprobe unha reclamación dirixida ás entidades responsables, empresa de distribución e Administración Pública autonómica de Enerxía e Industria , para ter un servizo de electricidade de calidade, e que nunca máis se produzan avarías graves e cortes de luz cuxa orixe, independentemente da causa, está na ausencia de investimentos e melloras da rede eléctrica.

-Ademais , o concello de Ribadavia debe sumarse como institución á esixencia veciñal para que a subministradora garanta o servizo de calidade que os veciños pagan, e que a Xunta de Galicia sancione cando este servizo non se preste, esixindo que así sexa.

-Que o concello de Ribadavia esixa inversión á empresa subministradora para evitar que se repitan cortes a través de instalacións modernas e eficaces.

A proposta inicial presentada por RBC engádese “ e outros núcleos do noso municipio que saíron afectados”

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).-Xa saíu en prensa antes de que se tratara en pleno, pido que se consensúe cos demais grupos a próxima vez antes de saír en prensa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Saíu a petición do grupo , non a declaración.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É preciso a instalación de badens en San Cristovo, xa houbo un accidente. Tamén é lamentable o estado das beirarrúas.

Na entrada a Veronza hai unha sinal de prohibido aparcarse, sempre hai coches aparcados. A veces se converte nunha rúa de sentido único. Pasa o mesmo na rúa de enfrente en Maquiáns.

No casco histórico se debe prestar atención ao tema das multas.

Hai dúas farolas na N-120 que fan destellos.

O panel de entrada na Praza de Abastos está descoidado, hai anuncios de empresas que xa non existen.

¿ Cando se va a iniciar a obra do espazo canino?

¿ Cómo está o tema do circuito na Veronza?

Dar traslado dunha queixa no pavillón de Maquiáns, se fan cumpreanos, se usan patíns, se poden causar desperfectos.

Na obra de Sanín non van a poder transitar os tractores. A Deputación de Ourense outorga subvencións de 400.000 euros á Fundación San Rosendo, e a un centro privado de Carballiño. A Fundación Nosa Señora dos Anxos ben o merece.

Alcalde.- Nos estamos moi interesados e traballando en solventar a situación do asilo. O espazo canino se licitará en xaneiro, e se fará o primeiro trimestre do ano que vén.

Sobre o Corpo Europeo de Solidariedade é un programa novo, de recente creación, é a primeira vez que opta Ribadavia, a axuda é de 27.000 euros. O parque de calistenia o licitou a Mancomunidade de Turismo, hai unha subvención da Axencia de Turismo de Galicia, a ubicación na Veronza non a decidiu o concello.

O tema do pavillón de Maquiáns ven de atrás, hai unha ordenanza que regual, se aluga para botar un partido e logo se celebra un cumpreanos. As solicitudes son para uso deportivo.

D Enrique Rodríguez Alejos (RBC).- No campo da Feira se están tirando vertidos, solicitamos que se limpie. No auditorio da Casa da Cultura fai moito frío, que se coloquen radiadores.

Onte se foi a luz pública en varios puntos, solicitamos unha explicación dos motivos.

Que se convoque a comisión de seguimento e promoción do polígono e a de tráfico.

O ponte medieval da Veronza está en risco de caer.

Preguntar polas obras do campo de fútbol e das beirarrúas de Francelos.

¿ Por qué non se colocou a placa de Ernesto Chao e se cambiou a das irmás Touza?

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A situación da rúa Veronza está ligada a do Centro de saúde, rogo que se faga a intervención de mellora prevista. Deberían entrar e saír os coches de forma circular.

Este grupo fixo emendas aos orzamentos da Xunta de 2020, en concreto melloras na sede do GES, saneamento en San Cristovo, Santo André, A Grova, Sanín; que se recollan nos orzamentos da Xunta a terceira fase do Parque empresarial. Rehabilitación da Veronza e intervención na ponte medieval, reforma do centro de saúde e centro de día, incremento de prazas da escola infantil. Non hai ningún investimento de mellora na Galiña Azul.

Lembrar a moción de retirar barreiras arquitectónicas de Ribadavia.

Hai unha intervención en O Castro, Aqualia debe sufragar parte de esa intervención.

Reiterar a petición de convocatoria das comisións.

Alcalde.- Na obra no Castro xa colabora Aqualia.

As comisións do polígono e de Tráfico serán convocadas en unha ou dúas semanas.

A petición de radiadores na Casa da Cultura hai que ver si é viable técnica e economicamente.

Queremos actuar na Ponte da Veronza, se están buscando fondos. Hai un informe das arquitectas de que non está comprometida a seguridade. A reconstrución integral é a aspiración para devolver o valor monumental.

Das emendas ao orzamento se toma nota, nos parece ben que se presenten emendas ao orzamento. Hai partidas moi amplias nos orzamentos, para investimentos que non están recollidos nominalmente. Ten o noso compromiso absoluto para conseguilo.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- ¿ Ten constancia se hai cambios nos horarios de recollida de lixo da Deputación?

Alcalde.- Non , a recollida selectiva contén o lixo, e se pediu antes das oito da mañá para non molestar o tráfico.

D Miguel García Domínguez .- O servizo da Deputación, en vez do sábado , venres a unha da mañá.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non é certo que o anterior goberno o aceptara. Rogamos que como concello esto non se pode permitir, perxudica ao concello, estaba sen recoller o lixo as doce da mañá do luns. Hai certos locais de ocio e hostelería que o fan máis tarde. Garantiza que o domingo o pobo está máis limpo. É a explicación de que o pobo esté máis sucio, rogamos que se volte ao horario anterior.

Hoxe leía que o vicepresidente terceiro da Deputación , compañeiro seu, decía que ía a organizar o servizo de lixo avanzando na privatización , preguntarlle se está de acordo con esa afirmación.

Non se pode ter falta de coherencia, exceso de publicidade e que se minta. O día 1 de xullo de 2019 , vostede foi o primeiro alcalde recibido por Baltar, non siga o camiño de ese home. Na senda peonil da rúa Veronza se anunciou un investimento de 70.000 euros, non hai nada de momento. Decía que se ía a facer este ano, non se pode vender o que non é viable. A Confederación Hidrográfica pon problemas, vendeu unha moto.

Dª Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Preguntar que lle dixeron na Xerencia do Sergas sobre o tema do psicólogo. Que se reúna coa suministradora de electricidade , e que solucione o problema dos veciños de Francelos. Onte mesmo houbo un apagón na zona de Francelos. Preguntar si se produxo algún cambio en relación aos veciños que acuden a servizos sociais.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Reiterar a petición de reposición dos contenedores. Que se preste especial atención a limpeza, as beirarrúas están cheas de follas. Que se faga unha poda na beirarrúa da Virxe do Portal.

Alcalde.- Respecto á privatización do lixo cando teña coñecemento exacto da proposta lle trasladarei a miña opinión. Respecto á rúa Veronza, o problema é un defecto de comunicación. Eu fun á reunión cun proxecto de esta casa, o presidente da Deputación comprometeu a financiación para o proxecto, e a Confederación Hidrográfica manifestou que o proxecto era de imposible execución. Efectuouse unha modificación orzamentaria e os 70.000 euros que ían a ir a ese proxecto, se destinaron a obra das beirarrúas de Francelos, obra paralizada antes das eleccións.

Sobre o subministro eléctrico houbo unha reunión con Fenosa o 3 ou 4 de xullo de 2019. Se presentou un proxecto para a retirada dos postes. Vou a volver a solicitar unha reunión con ese responsable na que estén presentes todos os grupos municipais. Fenosa tiña transmitido a proposta de soterrar todo o cableado e trasladar o transformador. O anterior goberno levantou as beirarrúas e púso formigón e non se fixo nada do que proponía Fenosa para resolver o subministro eléctrico a Francelos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos reclamamos que o poña por escrito.

Alcalde.- Podería comentar o anterior grupo de goberno porque non se fixo o traslado do transformador.

Houbo conversas telefónicas coa xerencia do Sergas, se lles deu traslado do malestar de este goberno polo tema do psicólogo e do pediatra. Se está a espera de que remitan documentación e solucións.

Non teño coñecemento de que haxa un cambio de horario na atención aos usuarios de servizos sociais.

Respecto aos contenedores o concurso público que sacou a Deputación quedou deserto. Se solicitan, a semana pasada se recibiron cinco.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O que se fala en conversas privadas non se usa como arma política. Ou falta a verdade vostede ou o responsable de Fenosa. Non se lle ofreceu esa solución ao anterior goberno. Se se traen 70.000 euros para pagárselos a Fenosa non nos parece ben.

E sendo as vinte e dúas horas e cincoenta e catro minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO